

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DUNHA GRÚA DE BIPEDESTACIÓN PARA UTILIZAR COAS PERSOAS DE MOBILIDADE REDUCIDA USUARIAS DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL "ANTONIO GANDOY", UBICADO NO CENTRO DE CONVIVENCIA DE MARUJA MALLO.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 62-2024, por un importe total de 1.600 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da contratación dunha grúa de bipedestación para utilizar coas persoas de mobilidade reducida usuarias do Centro de día municipal " Antonio Gandoy", ubicado no Centro de Convivencia de Maruja Mallo.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1696/2024, do 25.11.2024 así como o RCMOD Ref.: 78260/2024, por importe de 1.600 €, do 21.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, dado o escaso importe e a finalidade, un gasto de investimento moi concreto para o que non abonda a consignación xenérica que se realiza de inicio no orzamento xeral, considerase admisible.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 1.600 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac7977739110335962074.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 62-2024 Grúa Serv. Sociais

23185.21500	1.600,00 €	23150.62500	24XX00023	1.600,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.600,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		1.600,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.